



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### FENE

##### Secretaría

*Lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as a chofer condutor promoción interna*

##### ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 242/2023, de data 07.03.2023, aprobouse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas cuxo texto íntegro se cita a continuación:

“ASUNTO: LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA E MEDIANTE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, DUNHA VACANTE DE CHOFER CONDUTOR/A MEDIANTE CONCURSO-OPOSICION (OEP 2019).

**Expediente:** 2022/E001/000007; 2023/G003/000221

Mediante a Resolución de Alcaldía núm. 879/2022, do 23.06.2022 aprobouse a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura, en quenda de promoción interna e mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de chofer condutor/a, incluída na OPE do 2019, mediante o sistema selectivo de concurso-oposición; cuxas bases foran aprobadas en sesión da Xunta de Goberno Local do 23.06.2022.

As bases íntegras foron publicadas no BOP da Coruña núm. 124 do 01.07.2022 e un anuncio da convocatoria foi inserido no DOG núm. 150 do 08.08.2022 e no BOE núm. 279 do 21.11.2022.

Mediante a Resolución da Alcaldía núm. 21/2023, do 10.01.2023, aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas e outorgouse un prazo de dez días hábiles para emendas. A dita resolución publicouse no BOP núm. 10, do 16 de xaneiro, no taboleiro de anuncios e na páxina web municipais.

Durante o dito prazo non se presentaron emendas, alegacións ou reclamacións, máis detectouse de oficio que existía un erro material na orde dos apelidos do único aspirante admitido e presentado.

Ao abeiro do artigo 109 da LPACAP (Lei 39/2015) as administracións públicas rectificarán de oficio, en calquera momento, os erros materiais.

Visto o que antecede e consonte o disposto na base sexta das bases reguladoras do proceso de selección e as competencias da Alcaldía establecidas no artigo 21.1.h) da LBRL, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas que se relaciona:

PERSOAS ADMITIDAS:

Aspirante	Nome e apelidos	DNI	Exento da proba de galego
1	José Manuel Piñón Rey	***6533**	Si

PERSOAS EXCLUÍDAS: non constan

**SEGUNDO.-** Designar como membros do tribunal, titulares e suplentes, que xulgarán o proceso selectivo referido aos/ás seguintes funcionarios/as, comunicándolles que o réxime de abstención e recusación fronte á designación do tribunal é o previsto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público:

**PRESIDENTE/A**

**TITULAR:** Juan Miguel Martín Pérez, responsable da Unidade de Vía e Obras do Concello de Fene.

**SUPLENTE:** Ivón Carrodegua Rodríguez, administrativa do Concello de Fene.

**VOGAIS**

**TITULAR:** M<sup>a</sup> Leonor Primoy Pico, administrativa do Concello de Ferrol.

**SUPLENTE:** Saturnino Márquez Lavandeira, oficial electricista do Concello de Narón.

**TITULAR:** Xosé Antón Muñiz Tenreiro, oficial xardineiro do Concello de Fene.

**SUPLENTE:** Eva M<sup>a</sup> Morales Rubianes, administrativa da Deputación da Coruña.

TITULAR: M<sup>a</sup> Fe López Romero, administrativa da Deputación da Coruña.

SUPLENTE: José Manuel Aneiros Landrove, administrativo do Concello de Fene.

SECRETARIO/A:

TITULAR: María Sandra Pouso Fustes, administrativa do Concello de Fene.

SUPLENTE: Fernando Horjales Vilariño, administrativo do Concello de Fene.

**TERCEIRO.-** Convocar ao tribunal á súa sesión constitutiva que terá lugar o vindeiro día 27.03.2023 ás 13:30 horas en sesión telemática, no que queda citado para iniciar a fase de concurso do proceso selectivo.

**CUARTO.-** Publicar esta resolución no BOP, no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, con indicación de que fronte a ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a xurisdición contencioso-administrativo, contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP

**QUINTO.-** Notificarlle esta resolución ao Tribunal designado

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Lara Otero Díaz, como secretaria accidental, dou fe.”

En Fene asinado dixitalmente o 08.03.2023 polo alcalde Juventino José Trigo Rey.

2023/1652